**CONCELLO DE BEADE**
P3201100I
Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE
Telf.: 988480034   Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 16 DE FEBREIRO DE 2018.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día dezaseis de febreiro de dous mil dezaoito, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnense en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

- **Dª. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA**
- **D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**
- **D. ALEJANDRO LODEIRO RODRÍGUEZ.**

Non asisten D. Juan Antonio Santamaría Rodríguez e D. Ángel González Vázquez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Antes de entrar a tratar os puntos da Orde do Día, procédese a dar posesión do cargo de Concelleiro da Corporación de Beade a D. Samuel Rodríguez Vázquez, do Partido Popular, unha vez recibida a credencial da Xunta Electoral Central, quen da lectura a fórmula de toma de posesión.
O Sr. Alcalde dalle a benvida á Corporación de Beade.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:
**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 23 DE XANEIRO DE 2018.-** Os membros do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 23 de xaneiro de 2018.

**2.- TOMA DE RAZÓN POLO PLENO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO.-** Visto o escrito presentado en data 1 de febreiro de 2018 polo concelleiro D. Ángel González Vázquez, renunciando a súa condición de Concelleiro do concello, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación, celebrada con data 13 de xuño de 2015 o haber sido proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido Popular, na que ocupaba o posto núm. 3, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réximen local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003, o Pleno por UNANIMADE, acorda:

Primeiro. Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por D. Ángel González Vázquez a sua condición de concelleiro do Concello de Beade (Ourense) e a todos os demais cargos que exerce, derivados desa condición.

Segundo. Comunicar este acordo a Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte, que segundo os datos que obran neste concello é D. Alfonso Vicente Nogueiras Rodríguez, que ocupa o posto número 7 na lista electoral do PARTIDO POPULAR nas eleccións locais do ano 2015.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás dezanove horas e trinta e cinco minutos, de tódo-lo que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE, O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto. Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.